BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 3 de xullo de 2018
Núm. 127

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Contratos administrativos

MODIFICACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNS QUE REXEN AS CONVOCATORIAS DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DA VIRXE PEREGRINA E DE SANTIAGUÑO DO BURGO

ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNS QUE REXEN AS CONVOCATORIAS DAS AUTORIZACIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA OU LICITACIÓN PÚBLICA E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DA VIRXE PEREGRINA E NAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO DO BURGO DURANTE OS ANOS 2018-2021

Por Resolución da Concelleira de Urbanismo, Protección Cidadá, Servizos e Festas de data 26 de xuño de 2018, aprobouse modificar o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021.

Asemade, por Resolución da mesma data aprobouse modificar o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021.

ASPECTOS MODIFICADOS:

1.—Prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante os anos 2018-2021:

Modifícase a configuración do posto 21, que terá 104,21 m2 e forma trapezoidal, sendo as taxas mínimas correspondentes de 2.037,30 €, e a cantidade fixa a pagar por subministración de electricidade de 225,00 €.

Por conseguinte, convócase de novo a licitación deste posto núm. 21, outorgando un novo prazo de 15 días hábiles para presentar ofertas, publicando novos anuncios no BOP e no Perfil do Contratante do Concello de Pontevedra.

2.—Prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:514C4REGJQQ19WAK

a) Modifícase a taxa mínima do posto 18, que será de 234,78 €, sendo a cantidade fixa a pagar por subministración de electricidade de 110,00 €.

b) Modifícase a taxa mínima do posto 19, que será de 326,09 €, sendo a cantidade fixa a pagar por subministración de electricidade de 110,00 €.

c) Modifícase a taxa mínima do posto 20, que será de 214,83 €, sendo a cantidade fixa a pagar por subministración de electricidade de 110,00 €.

Por conseguinte, convócase de novo a licitación destes postos, núms. 18, 19 e 20, outorgando un novo prazo de 10 días hábiles para presentar ofertas, publicando novos anuncios no BOP e no Perfil do Contratante do Concello de Pontevedra.

OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

Pódense obter os pregos modificados no perfil do contratante do Concello na súa sede electrónica: sede.pontevedra.gal e no Concello de Pontevedra. Servizo de Cultura do Concello (Rúa Churruchaos, número 2, 1 andar, CP 36071, Pontevedra. Teléfono 986896528, fax 886212843)

* Data límite de obtención de documentación e información: Ata a data de remate do prazo de presentación de proposicións.

AS DEMÁIS CONDICIÓNS DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NON SOFREN VARIACIÓN RESPECTO DAS PUBLICADAS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE DATA 6 DE XUÑO DE 2018

Pontevedra, na data de sinatura electrónica

A concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas.

María Carme da Silva Méndez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:514C4REGJQQ19WAK